

CONSTITUCIÓN MESA NEGOCIADORA DE PLUSES FUNGA: REUNIÓN DA REPRESENTACIÓN DO PERSOAL DA FUNGA (UGT) COA DIRECCIÓN-XERENCIA

Santiago de Compostela 04/11/2022

Hoxe tivo lugar a primeira reunión co obxectivo de **CONSTITUIR** a MESA DE NEGOCIACIÓN de PLUSES de TODO o persoal da FUNGA. Dáse así o primeiro paso co obxectivo que **UGT** marcou como **compromiso co persoal**, iniciando a partir de agora un procedemento negocial que supoñemos non debe alongarse no tempo.

A mesa de negociación está constituída:

- Por parte da Administración: Dirección Xeral de Inclusión e o Dirección-Xerencia da FUNGA
- Por parte dos traballadores: delegada sindical de **UGT** coa asesoría do citado sindicato

O obxecto da negociación é o recoñecemento dos pluses de perigosidade e penosidade.

Por parte, da representación sindical, **UGT** solicitouse tal retribución **para todo persoal** da FUNGA, independentemente da súa categoría profesional.

Por parte da **empresa** manifestan a súa **intención de chegar a un consenso** e para iso inciden en que traballarán con **boa predisposición e espírito de diálogo**, cuestión que **UGT** espera se reflexe en **bos resultados para todos e todas**.

A **proposta de UGT**, nos próximos días **remitirán unha Análise de Postos de Trballo (APT)**, á que realizaranse as **alegacións** que se consideren oportunas, logo do seu análise e as vosas aportacións, co fin de sinalar **nova reunión** de traballo da que se **deberán ir concluindo e acadando os avances do proceso**.

En canto teñamos os documentos farémolos públicos, para as vosas aportacións.

